



Confederación Intersindical Galega

**ALEGACIONES DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA 2010-2020**

Anxo Pérez Carballo, titular do documento de identidade nº 34.937.131 Q, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG), en calidade de Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel, con enderezo a efectos de notificación en Ourense, Parque de San Lázaro nº 12-4º andar, ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comparezo e, como mellor proceda, **DIGO**:

Que mediante o presente escrito, e no prazo establecido, a nosa Central formula as **Alegacións ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020** que a continuación relatamos:

Primeira.- Botamos en falta, á hora de avaliar e tirar conclusións do Plan anterior (1998-2009) que non se tome en consideración, cando se cuantifican os niveis de xeración de residuos, a nada desprezábel cantidade dos mesmos que podemos atopar nos cuantiosos vertedoiros incontrolados que hai nos nosos montes. Unicamente hai referencia a aqueles residuos obxecto de xestión. Moi probabelmente, a diferencial coa media española e europea non sexa tan favorábel.

Segunda.- Dentro dos obxectivos estratéxicos compre facer maior aposta, e priorizar en cada unha das liñas de actuación, pola REDUCCIÓN de residuos na orixe. Este debe ser o primeiro paso, imprescindible se queremos acadar cotas de éxito

apreciábeis. Para iso hai que planificar actuacións dirixidas non só á cidadanía, senón, aínda con maior intensidade, supermercados, tendas, oficinas, empresas de distribución ou aos produtores de embalaxes e empresas que producen artigos de consumo doméstico.

Terceira.- Nesa aposta pola redución, deberíamos asumir o reto de cuantificar obxectivos en cada fracción de residuos.

Cuarta.- O Plan de Comunicación e Educación Ambiental debería ter un apartado específico dirixido ao comercio, oficinas, e entidades sociais.

Quinta.- O Plan de Prevención de Residuos precisa dunha maior aposta pola redución na orixe naqueles colectivos e organizacións que maior cantidade de residuos xeran (caso dos comercios, que poden chegar ata un 25% do total).

Sexta.- Para o Fomento da Recollida Selectiva de Fracción Orgánica hai que incidir máis na necesidade de xestión de residuos na orixe, nomeadamente cando se trate de grandes produtores.

Sétima.- En canto ao Fomento da Recollida Selectiva da Fracción de Envases botamos en falta o impulso da vía da reutilización. Neste apartado cobra unha grande importancia o retorno á práctica dos vidros retornábeis.

Oitava.- O Plan de Ampliación e Mellora de Puntos Limpos parécenos pouco ambicioso. Compre marcar obxectivos, impulsar a instalación de puntos limpos de ámbito comarcal e aumentar a dotación económica.

Novena.- A Ambientalización da Administración quedará en papel mollado senón se establecen compromisos e obxectivos claros, mecanismos de control e/ou auditoría e partida económica nos Orzamentos anuais de Galicia. De non ser así estaríamos ante outro brinde ao sol como o que se ten feito en materia de prevención de riscos e saúde laboral.

Décima.- Na nova Planificación da Rede de Plantas de Tratamento debe facerse maior aposta polo compostaxe e autocompostaxe como forma eficaz, segundo se demostrou no Plan anterior, de lograr o obxectivo da redución e da reciclaxe, respectivamente. Para isto debese intervir en asociacións veciñais, escolas, colectivos xuvenís, fogares familiares, restaurantes, tendas de comestíbeis... Chegar a unha boa parte da sociedade con pouco custe económico e moita rendibilidade social.

Undécima.- Ao igual que cando nos referimos aos Puntos Limpos, reclamamos que se especifiquen os lugares nos que se van instalar Plantas de Compostaxe.

Duodécima.- Debe existir unha planificación paralela e especial para os residuos que, sendo de orixe familiar, conteñen substancias de alto grao de perigosidade, como é o caso dos materiais que conteñen amianto. A xestión destes residuos non debe representar custe económico algún para as familias.

Decimoterceira.- O Plan está cheo de expresións como “fomento”, “impulso”, “potenciación” e outros similares que, ademais dunha partida económica –que efectivamente vai aparellada na documentación- necesita cambios legislativos, algúns deles de importancia, polo que hai que facer tamén un cronograma neste apartado para proceder aos mesmos no inicio do Plan, se queremos ter eficacia.


Decimocuarta.- Nótase unha desconexión entre a avaliación e conclusións do Plan anterior e algunha das propostas que se fan no actual. Se ben se asume o fracaso da aposta pola incineración e se loan as alternativas de redución, reciclaxe, reutilización, compostaxe e autocompostaxe, e a xestión dos residuos na orixe, alá onde se producen, as alternativas innovadoras son excesivamente timoratas e escasas.

Decimoquinta.- Asoma a posibilidade da instalación dunha nova planta, similar á da actual SOGAMA, no sur de Galiza, co que estaríamos tan só atenuando os efectos que hoxe padecemos e reducindo lixeiramente os custes, pero non afrontando un cambio en profundidade e unha nova concepción da xestión dos residuos, obxectivo que debería ser a cabeceira dun Plan Estratéxico.

En base ao exposto, **SOLICITAMOS:**

1. Sexan tomadas en consideración as presentes alegacións, co que iso representa na redacción, cronograma e orzamentos do actual texto.
2. Sexan colgadas na páxina web da Consellería e na do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel todas as alegacións presentadas ao actual Plan.
3. Sexa convocada unha reunión de traballo do COGAMADS para escoitar as razóns de cada organización no referente á súa posición.
4. Que un Plan como o que se pretende aprobar teña o maior grao de consenso posíbel, polo que, se é preciso, se demore a súa aprobación definitiva.

Ourense, a 16 de xullo de 2010.



Confederación Intersindical Galega
Parque do Lázaro, 12 - 4º
Ourense

Anxo Pérez Carballo

Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel
da Confederación Intersindical Galega